

## DOCUMENTO FUNDACIONAL DE SOMOS RIBADUMIA

### PREÁMBULO (Un pouco de historia):

En marzo de 2015 un grupo de veciños e veciñas de Ribadumia comezaron a xuntarse e debater sobre a situación do noso Concello e a necesidade de darlles un cambio ás políticas que se estaban a levar a cabo. Así e como xurdiu a iniciativa SOMOS RIBADUMIA, aberta á participación. **O nome de SOMOS RIBADUMIA xa deixaba ben claro cales eran as nosas prioridades.**

Este grupo de veciñas e de veciños acordou impulsar unha candidatura veciñal para participar nas eleccións municipais, unha nova ferramenta, que fose un espazo de participación para todos os veciños e todas as veciñas, sen discriminacións nin diferenzas, e no que, partindo dun funcionamento horizontal e asembleario, se puidera articular unha candidatura cidadá que buscase darlles solucións aos diferentes problemas que sofre Ribadumia.

Nese momento aproveitouse a existencia do manifesto SOMOS MAIORÍA, impulsado por persoas de toda Galicia para fomentar a participación cidadá na política, e que ofrecía unhas “siglas instrumentais”, baixo o nome de “Participación Democrática Directa de Galicia”, para poder presentarse ás eleccións municipais en Ribadumia.

No transcurso das asembleas previas á campaña electoral, convocadas sempre de xeito aberto á veciñanza, fóronse elaborando de xeito participativo un Código Ético e un Programa Electoral que serían os documentos base da candidatura e que guiarán o traballo de Somos Ribadumia.

Formouse a candidatura, que foi aprobada en asemblea, conxuntamente co programa electoral. Nas eleccións municipais esta candidatura obtivo representación na corporación municipal e, tras negociar un acordo de goberno, neste momento forma parte do goberno local de Ribadumia.

**Tal e como dixemos dende a primeira asemblea, SOMOS RIBADUMIA naceu para quedar, polo que se fai necesario un documento fundacional que recolla os principios de funcionamento, ideoloxía, programa, código ético e estruturación organizativa.**

**QUE É SOMOS RIBADUMIA** (Como nos definimos e quen pode participar):

**SOMOS RIBADUMIA** defínese como unha Plataforma para impulsar a participación das veciñas e dos veciños na política municipal.

Somos Ribadumia é unha plataforma aberta, polo que calquera veciña ou veciño de Ribadumia que desexe traballar polo seu concello pode formar parte da mesma.

Consideramos importante recalcar a **AUTONOMÍA de decisión e organización de SOMOS RIBADUMIA**, como Plataforma veciñal circunscrita ao ámbito municipal de Ribadumia, polo tanto non suxeita a ningunha estrutura organizativa ou partidaria que poida condicionar as súas decisións.

Dado que se concibe como unha plataforma para a participación na política municipal, acéptase a participación de persoas con adscrición política previa noutros partidos ou organización políticas, sempre e cando non queiran utilizar esa circunstancia para condicionar, ben individual ou colectivamente, as decisións de Somos Ribadumia ou que as decisións da súa organización política entren en conflito de intereses con Somos Ribadumia.

Para concorrer as eleccións municipais SOMOS RIBADUMIA poderá utilizar un “partido instrumental”, sempre que non se queira condicionar as decisións de SOMOS RIBADUMIA, **non descartando a medio prazo a legalización dunha organización política propia.**

**COMO QUEREMOS TRABALLAR** (Principios de funcionamento e código ético):

**a) PRINCIPIOS DE FUNCIONAMENTO:**

- **FUNCIONAMENTO ASEMBLEARIO:** A Asemblea é o máximo órgano de decisión de SOMOS RIBADUMIA.
- **PARTICIPACIÓN ABERTA:** Fomentarán a participación directa e aberta a todos os veciños e a todas as veciñas de Ribadumia.
- **TRANSPARENCIA:** Tanto na actuación interna de Somos Ribadumia, coma de cara ao exterior.
- **IGUALDADE:** De participación e opinión entre todas as persoas participantes e colaboradores
- **CONSENSO E RESPECTO POLAS MINORÍAS:** Os acordos de Somos Ribadumia tomaranse en primeira instancia por consenso, e se non fose posible, por maioría, tentando integrar e respectar as opcións da minoría.
- **RESPECTO POLO CÓDIGO ÉTICO.**

**b) CÓDIGO ÉTICO:** A cumprir por todas as persoas colaboradoras, cargos públicos e membros da comisión executiva.

- **ÉTICA E HONESTIDADE:** Estes dous principios guiarán a acción de todos os membros da comisión executiva, cargos públicos e colaboradores de SOMOS RIBADUMIA.
- **NON AOS PRIVILEXIOS:** Non empregarán o seu cargo ou responsabilidade en beneficio propio; de familiares, empresas ou amigos.
- **TRANSPARENCIA:** Os membros de SOMOS Ribadumia exercerán a súa responsabilidade ou cargo con total transparencia. Ademais os cargos públicos farán públicas todas aquelas retribucións ou abonos que reciban polo seu cargo.
- **CUMPRIMENTO DO PROGRAMA:** As e os membros de Somos Ribadumia traballarán polo cumprimento do programa político da plataforma cidadá, así como para levar a cabo as decisións que se tomen por parte da Asemblea.
- **COMPROMISO DE ATENCIÓN DA VECIÑANZA:** Os membros de SOMOS RIBADUMIA comprométese a atender a todas as persoas e asociacións que así llo soliciten.
- **RESPECTO POLA DEMOCRACIA:** As e os membros de Somos Ribadumia aceptarán as decisións da maioría da Asemblea, e traballarán polo seu cumprimento. Expresarán e defenderán as súas posturas con respecto polas opinión e posicionamentos dos e das demais asistentes.

A maiores destes puntos, os cargos públicos electos na candidatura de SOMOS RIBADUMIA deberán cumprir o Código Ético anexo, aprobado en asemblea para as eleccións municipais de 2015

**PARA QUE NOS ORGANIZAMOS** (O noso proxecto dende e para Ribadumia):

A finalidade de Somos Ribadumia é, dende a participación activa, propor e desenvolver medidas que estean orientadas a buscar e darlles solucións aos problemas que lles afectan aos veciños e ás veciñas de Ribadumia.

Evidentemente, as solucións a estes problemas poden verse dende diversas ópticas; dende Somos Ribadumia queremos resolvelas dende unha perspectiva de xustiza social, na defensa das persoas traballadoras, das máis necesitadas e das minorías. Tamén dende utilización correcta dos servizos públicos nunha dirección de atención social e acceso universal aos mesmos.

Tamén somos Ribadumia co seu esforzo velará pola conservación do patrimonio de Ribadumia, tanto material coma cultural, e pola defensa das nosas tradicións e da nosa lingua

Tendo en conta estes principios **SOMOS RIBADUMIA** traballará polas seguintes cuestións:

- 1. Implantación de medidas para a promoción da PARTICIPACIÓN VECIÑAL E A TRANSPARENCIA como eixes fundamentais da acción da nosa política.**
- 2. Desenvolvemento de políticas sociais** e de axuda directa a persoas e familias con dificultades. Tamén para a 3ª idade e a infancia.
- 3. Loita contra o desemprego.** Apoio a políticas específicas de creación de emprego.
- 4. Apoio a novas iniciativas que contribúan ao desenvolvemento económico de Ribadumia:** axudas para o establecemento de novas empresas e para emprendedores, autónomos, etc. Dinamización do polígono industrial; apoio ao sector do comercio e hostalería local.
- 5. Apoio ao sector da agricultura e vitivínicola.** Información e formación para os produtores e impulso a iniciativas para o aproveitamento da biomasa forestal.
- 6. Defensa dunha fiscalidade progresiva, onde pague máis quen máis pode.**
- 7. Defensa duns servizos básicos, de calidade.**
- 8. Defensa da sanidade e da educación para todas e para todos. Demandar a mellora do Centro de Saúde e do Colexio público.**
- 9. Atención ás necesidades da xuventude:** orientación laboral, programa de bolsas para estudos universitarios, formación...
- 10. Completar a dotación de servizos que presta o Concello** e mellora da xestión e control dos mesmos.
- 11. Defensa das actividades e actos culturais e deportivos de Ribadumia,** tanto dos organizados polo Concello coma daos que se realizan en asociacións e clubs culturais. Dotar de contido os locais públicos das parroquias.
- 12. Sensibilización e concienciación cidadá da necesidade da protección do medio natural,** da paisaxe, do patrimonio e da necesidade da reciclaxe e compostaxe do lixo.
- 13. Defensa da igualdade de todas e de todos diante das administracións públicas,** coa esixencia de criterios claros, públicos e equitativos na convocatoria de postos de traballo, e para o reparto de subvencións e axudas.

